

PRIMEIRO PREMIO

“AUSENCIA” de Afonso García Penas

“-¡Deica logo Eleuterio!”

Entre carballos tanxidos por un furioso Eolo, descende, unha vez máis, o calado bico da noite: dentada xeada que perfora as entrañas; azagaia punzante que atravesa o espírito doído; pouta esmagadora que empurra cara treboentos cavorcos ...

desconsolo ... mágoa ... desazo ...

Beixa, entón, o pranto as enrugadas meixelas de viúva galega ... pingas salgadas de negros sentimentos agriollados, naufraxio da razón, tortura abominabel da memoria ...

... URRO SECO que absorben silvas, toxos e uces ...

“-¡Deica logo Eleuterio!”

No oco da soidade ofrézolle á túa lembranza a cálida onda do mar, a audaz linguaxe das bolboretas amarelas, o compasado canto de fonte rural ...

E suplico e rogo e imploro ... que a dona da Gadaña visite axiña este leito humilde que Caronte transporte este corazón aflito a un universo ceibe de fondas hebrefenias onde atope a túa palabra sosegada, fervenza que esnaquiza todo amargor; a túa ollada escintilante, bálsamo cicatrizador de feridas; os teus mainos aloumiños refulxentes océanos de paixón ... e descansar así nun engaiolante colo de primaverais flores, afastada deste prometeico voitre que devora as entrañas permanentemente anovadas.

“-¡Deica logo Eleuterio!”